



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, E A ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN PARA O ANO 2026

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de Xustiza en virtude do artigo 20 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos contribuír á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia.

Antecedentes: A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación é unha entidade adscrita á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia, que ten uns cometidos específicos no campo do estudo e da investigación en materia xurídica. No ano 2025, a consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, como en anos anteriores, contribúe ao financiamento dos gastos derivados da actividade da dita Academia.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2026.

Obxecto: O obxecto do convenio é fixar un marco de actuación que defina os compromisos de financiamento que asume a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes na contribución aos gastos correntes derivados das actividades que realiza a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación e que a citada institución poida continuar desenvolvendo os seus traballos.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación ten por cometido principal o fomento da cultura e investigación, está especialmente dedicada ao estudo do Dereito e, particularmente, do Dereito galego, participando activamente na organización de xornadas xurídicas, seminarios e congresos con tal fin.

A singularidade e especificidade das actividades levadas a cabo, así como a natureza específica da entidade destinataria da subvención xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración, segundo o artigo 26.2 a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Financiamento: Para contribuír ao cumprimento do obxectivo do convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegará á Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación a cantidade de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €), dos 45.000,00 €, que supón o orzamento total do convenio, recollido no seu anexo I, para financiar os gastos correntes da institución, que se financiarán con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026:

- 5.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.481.1 (CP 2015 00089)
- 30.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 (CP 2015 00102)

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

